



Resolución de 16 de marzo da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar polo que se apraza a celebración das probas para a obtención dos títulos que habilitan para o goberno das embarcacións de lecer na Comunidade Autónoma de Galicia para a convocatoria de marzo.

A Resolución do 12 de marzo de 2020 da Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se lle da publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de marzo de 2020, polo que se aproba o Protocolo de actuación para o persoal empregado público da Administración da Xunta de Galicia en relación co coronavirus COVID-19 establece no punto 6 do seu Anexo o seguinte: “O órgano convocante de cada proceso selectivo en curso debera pospoñer, polo tempo imprescindible-como mínimo dous meses- a celebración de probas selectivas, especialmente aquelas de concorrencia masiva”.

Por outro lado e una recomendación das autoridades das diferentes Comunidades Autónomas os cidadáns o evitar as viaxes que non sexan necesarias.

Tendo en conta que a Consellería do Mar, a través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ten previsto celebrar probas selectivas para a obtención das titulacións de embarcacións de recreo, que a ditas probas poden concorrer un numero importante de aspirantes e que moitos se desprazan dende diversas poboacións da Comunidade Autónoma de Galicia e doutras Comunidades Autónomas, esta Dirección Xeral en uso das funcións atribuídas no Decreto 168/2015 de 15 de novembro, ACORDA O seguinte:

Primeiro:- Suspende a celebración das probas pola que se convocan exames extraordinarios teóricos para a obtención das titulacións que habilitan para o goberno das embarcacións de lecer na Comunidade Autónoma de Galicia para a convocatoria de marzo.

Segundo:- Trasladar as solicitudes de participación nas ditas probas á seguinte convocatoria programada ou para algunhas das restantes convocatorias ordinarias ou extraordinarias que se van realizar durante o ano 2020, que se indican na Resolución do 3 de febreiro de 2020, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se convocan exames ordinarios teóricos e prácticos para a obtención das titulacións que habilitan para o goberno das embarcacións de lecer e motos náuticas na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG. Núm. 30 do 13.02.2020) ou na Resolución do 3 de febreiro do 2020, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro pola que se convocan exames extraordinarios teóricos para a obtención das titulacións que habilitan





para o goberno das embarcacións de lecer na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 29 do 12.02.2020).

As persoas interesadas terán que indicarlle os Centros de Ensino Náutico Pesqueiro onde se realicen as probas a convocatoria na que queiran participar.

Terceiro:- As persoas interesadas que non queiran participar en ningunha das convocatorias restantes poderán solicitar a devolución da correspondente taxa.

Cuarto:- A presente resolución entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro
Susana Rodríguez Carballo
(Sinatura electrónica)

